

González Santín: “eu non sei se a conselleira de Sanidade é cirurxana, pero o que si sei é que está amputando os dereitos aos lucenses”

Acompañado doutros cargos institucionais, criticou decididamente que a responsable do SERGAS acudise onte a Lugo para ratificar que os cidadáns da provincia non precisan Hemodinámica as 24h, considerando que se trata “dunha provocación escandalosa, xa que o que ten que facer un responsable como a Sra. Mosquera é defender por riba de todo a saúde das persoas”

Adianta que o Grupo Parlamentario do PSOE xa presentou varias iniciativas na Cámara galega, co fin de que o Goberno galego dea marcha atrás e cumpra o compromiso asumido en 2009, cando garantiu a prestación deste servizo as 24 horas e os 365 días do ano

LUGO, 5 DE FEBREIRO DE 2015.- O deputado autonómico –Juan Carlos González Santín–, acompañado doutros cargos institucionais da cidade e da provincia como o alcalde da capital - José López Orozco-, a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez–, o senador por Lugo –Ricardo Varela–, a deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz–, o presidente da Federación de Veciños –Jesús Vázquez–, e distintos representantes dos Sindicatos, criticou decididamente que a conselleira de Sanidade acudise onte a Lugo para ratificar que os lugueses e as luguesas non precisan Hemodinámica as 24 horas. E é que, tal e como manifestou, trátase dunha afirmación “escandalosa”, xa que “o que ten que facer un responsable como a Sra. Mosquera é defender por riba de todo a saúde das persoas”.

“O que veu a facer foi unha provocación”, afirma, sobre todo, porque “sabemos que máis da metade das persoas que chegan ao HULA tardan alomenos 120 minutos, o tempo máximo para que non haxa secuelas”. Por este motivo, considera que tanto a dirixente do SERGAS como o presidente da Xunta, “que é o último responsable de todo isto”, o que están a facer é “crear cidadáns de primeira e de segunda”.

“Eu non sei se esta conselleira é cirurxana, pero dende logo está amputando os dereitos dos cidaáns e iso non llo imos a permitir nin dende as institucións, nin dende o Partido Socialista”, manifestou con rotundidade.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario do PSOE xa presentou varias iniciativas na Cámara galega. O obxectivo, que o Goberno galego dea marcha atrás e cumpra o compromiso asumido en 2009, cando se comprometeu a garantir no Hospital Lucus Augusti a prestación deste servizo as 24 horas e os 365 días do ano.